



RESOLUCIÓN do 9 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula a incorporación ao programa de dobre titulación de Bacharelato e Baccalauréat -Bachibac- en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2017/2018.

O 10 de xaneiro de 2008, os Gobernos de España e Francia asinan o Acordo relativo á dobre titulación de Bacharelato e *Baccalauréat*, en virtude do establecido no Acordo Marco asinado o 16 de maio de 2005, relativo a programas educativos, lingüísticos e culturais en centros escolares de ambos os dous estados.

Para o seu desenvolvemento, ditouse o Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, modificado polo Real Decreto 95/2014, do 14 de febreiro, que regula a ordenación das ensinanzas acollidas ao acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharelato e de *Baccalauréat* en centros docentes españois.

Así mesmo, a Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, modificada pola Orde ECD/1961/2015, do 24 de setembro, regula o currículo mixto das ensinanzas acollidas ao Acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharelato e de *Baccalauréat* en centros docentes españois, así como os requisitos para a súa obtención.

O Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia regula, no seu capítulo IV, a impartición de materias en linguas estranxeiras.

Neste marco normativo, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa autorizou, mediante a Resolución do 5 de xuño de 2014, a implantación do programa *Bachibac*, con carácter experimental durante o curso 2014/2015, no IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas de Oleiros (A Coruña) ditando instrucións para o seu desenvolvemento.



O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 6 e 6 bis da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Co obxecto de continuar coas accións de mellora enmarcadas na Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras “EDUlingüe 2020” e, tendo en conta os beneficiosos resultados obtidos coa implantación do programa *Bachibac*, así como a vontade de seguir promovendo a cooperación en materia educativa con Francia, procede a regulación da implantación do programa *Bachibac* en Galicia e a convocatoria para a incorporación ao mesmo de novos centros no curso 2017/2018.

Con esta finalidade,

Resolvo

Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación

A presente resolución ten por obxecto regular a incorporación e impartición do programa de dobre titulación de Bacharelato e *Baccalauréat -Bachibac-* nos centros educativos sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2017/2018 que sexan seleccionados para impartir o programa.

Segunda.- Currículo mixto do programa

O currículo mixto do programa *Bachibac* estará integrado por:

1. Os contidos fixados no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.



2. Dúas materias específicas: Lingua e Literatura Francesas e Historia de Francia, que se integrará na parte correspondente á materia de Historia de España.
3. Os contidos das materias específicas do currículo mixto están establecidos no Anexo I da Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, modificada pola Orde ECD/1961/2015, do 24 de setembro, e deberán integrar os aspectos básicos do bacharelato español e os contidos e métodos pedagóxicos propios do sistema educativo francés.
4. A materia de Lingua e Literatura Francesas dos dous cursos de Bacharelato substituirá á Primeira Lingua Estranxeira I e II.
5. De acordo co artigo 4.1 do Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, as materias específicas do currículo mixto deberán ser impartidas integramente en francés e serán obxecto dunha proba externa que o alumnado deberá realizar para a obtención do título de *Baccalauréat*.

Terceira. - Asignación horaria

1. O alumnado acollido a este programa deberá recibir, polo menos, un terzo do horario lectivo en lingua francesa no conxunto do bacharelato co fin de acadar o nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas de acordo co establecido no Real Decreto 102/2010.
2. Co obxecto de que o alumnado acollido a este programa reciba, polo menos, un terzo do horario lectivo en lingua francesa no conxunto do bacharelato, poderanse impartir materias non lingüísticas en francés. En calquera caso, a distribución horaria respectará o marco normativo establecido no artigo 21 do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.



Cuarta.- Acceso do alumnado

Segundo o que establece o artigo 4.3 do Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, poderán ser admitidos neste programa os alumnos e alumnas que teñan cursado unha sección bilingüe hispano-francesa na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria, aqueles que realizaran toda ou parte da dita escolaridade no sistema educativo dun país de lingua francesa, así como o alumnado que poida acreditar un nivel equivalente ao B1 do MCERL no uso da lingua francesa ao comezo da etapa de Bacharelato.

Quinta.- Profesorado

De acordo coa disposición adicional quinta do Real Decreto 1834/2008, do 8 de novembro de 2008, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria, o profesorado que imparta en francés materias non lingüísticas do currículo mixto debe acreditar, polo menos, o nivel B2 en lingua francesa do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

Sexta.- Certificación de participación do profesorado

1. A persoa directora do centro educativo no que se imparta o programa *Bachibac* nomeará a unha persoa responsable da coordinación do mesmo. A persoa coordinadora pertencerá ao departamento de Lingua Francesa. Ao remate do curso escolar, deberá elaborar unha memoria avaliativa onde se reflectirán o desenvolvemento do programa e os resultados obtidos. Esta memoria será remitida á Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa antes do 30 de xuño.
2. Ao remate de cada curso escolar, o profesorado implicado no programa *Bachibac*, así como a persoa coordinadora, recibirá un certificado acreditativo de participación nunha actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 50 horas de formación permanente do profesorado.



Sétima.- Proba externa

1. Ao final do segundo curso de bacharelato, e tal como establece o artigo 7 do Real Decreto 102/2010, de 5 de febreiro, o alumnado que desexe obter a dobre titulación realizará unha proba externa sobre as materias específicas do currículo mixto correspondentes ao devandito curso.
2. Os exames das materias específicas do currículo mixto realizaranse integramente en lingua francesa, poderán ser escritos ou orais e serán avaliados por examinadores españois e franceses.
3. As materias específicas representarán, como máximo, un corenta por cento do total da avaliación final da cualificación do *Baccalauréat*.

Oitava.- Titulación e documentos de avaliación

1. O alumnado que supere a proba externa específica do programa de dobre titulación obterá o título de *Baccalauréat* outorgado polo Ministerio de Educación Nacional Francés. A cualificación global da proba externa do *Baccalauréat* será válida cando se teñan superadas todas as materias do bacharelato.
2. De acordo co establecido no artigo 10 da Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, a Administración educativa asegurará que tanto no expediente académico como no historial académico de bacharelato do alumnado se recolla, mediante dilixencia, segundo o modelo incluído no Anexo II da citada orde, que o alumnado superou as ensinanzas do currículo mixto e acadou o nivel B2 en lingua francesa no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

Así mesmo, nas actas de avaliación de bacharelato farase constar, no seu caso, a referencia expresa ao Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, que regula as ensinanzas do currículo integrado.



3. A dobre titulación outorgaralle, ao alumnado que o obteña, o dereito a acceder ao ensino superior español e ao ensino superior francés de conformidade co establecido no artigo 1 do Acordo de dobre titulación.

Novena.- Proceso de solicitude e autorización dos centros

1. Os centros docentes que desexen impartir o programa *Bachibac* deberán formular a súa solicitude ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa conforme o modelo que figura como Anexo I da presente resolución.

2. Ao Anexo I de solicitude haberá que achegar a seguinte documentación:

- a) Conformidade dos departamentos didácticos que impartan as materias específicas do currículo mixto.
- b) Certificado, expedido polo secretario ou secretaria do centro, co visto e prace da persoa directora, no que se fagan constar os datos do profesorado que impartirá o programa e a súa condición de profesorado con destino definitivo no centro -contrato de traballo no caso de centros concertados- así como indicación da materia que imparten.
- c) Compromiso do profesorado participante de formar parte do programa por un mínimo de dous anos.
- d) Autorización do Consello Escolar, unha vez oído o claustro de profesoras e profesores.
- e) Informe da Inspección Educativa.
- f) Acreditación do nivel de competencia en lingua francesa esixida conforme o estipulado na cláusula quinta da presente resolución -para o profesorado que imparta a/s materia/s non lingüística/s-.
- g) Número previsto de alumnado participante.
- h) Proxecto no que se farán constar os seguintes apartados:
 - Obxectivos que se pretenden acadar coa impartición do programa.



- Actuacións previstas para a consecución dos obxectivos do programa así como para a difusión do programa a toda a comunidade educativa.
- Recursos humanos e materiais dos que se dispón para impartir o programa.
- Idoneidade do centro e o respaldo da comunidade educativa.
- Configuración e perfil do equipo docente implicado no programa indicando a súa formación e relación previa en relación coa ensinanza bilingüe.
- Participación do centro en programas educativos europeos ou internacionais.
- Plan para realizar o seguimento e a avaliación do programa.

3. As solicitudes serán formuladas pola dirección do centro e remitidas, xunto coa documentación requirida, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no enderezo Edificio San Caetano s/n 15 781 Santiago de Compostela, sendo de aplicación o establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décima.- Duración do programa

1. O centro que imparta o programa de dobre titulación de Bacharelato e *Baccalauréat - Bachibac*- deberá permanecer durante dous cursos académicos como mínimo desde o momento da súa autorización.
2. O programa comezará no primeiro curso de bacharelato e irá desenvolvéndose progresivamente ata completar a etapa.

Décimo primeira.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia e rematará o día 10 de xullo de 2017.



Décimo segunda.- Autorización dos centros

1. Corresponderalle á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a autorización dos centros para participar neste programa.
2. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa fará pública, a través do portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal>, a listaxe provisional de centros docentes autorizados para a incorporación do programa *Bachibac*.
3. Abrirase un prazo de reclamacións de 5 días hábiles no que os centros poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas.
4. Transcurrido o prazo de reclamacións, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa fará pública no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal> a listaxe definitiva de centros autorizados para a incorporación do programa *Bachibac*. Así mesmo, a resolución definitiva publicárase no Diario Oficial de Galicia.
5. Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo terceira.- Seguimento e avaliación do programa

1. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa levará a cabo o seguimento e posterior avaliación do programa de dobre titulación, *Bachibac*, co fin de analizar o seu desenvolvemento, a calidade do mesmo e os resultados obtidos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA


galicia

2. O servizo de Inspección Educativa supervisará a aplicación deste programa nos centros para comprobar a súa adecuación ao establecido nesta resolución.

Décimo cuarta.- Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2017



Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



ANEXO I

**SOLICITUDE PARA A IMPLANTACIÓN DO PROGRAMA DE DOBRE TITULACIÓN DE
BACHARELATO E BACCALAURÉAT -BACHIBAC-.**

Centro educativo	Código de centro	Titularidade
Correo electrónico	Localidade	Provincia
Nome da persoa directora	Teléfono de contacto	Número de alumnado participante

Solicita autorización para impartir o programa de dobre titulación de Bacharelato e *Baccalauréat - Bachibac-* para o curso 2017/18.

Documentación que se achega:

- ☐ Proxecto de traballo.
- ☐ Certificado expedido polo secretario ou secretaria do centro, co visto e praxe da persoa directora no que constan os datos do profesorado que impartirá o programa e a súa condición de profesorado con destino definitivo no centro así como indicación da materia que imparten.
- ☐ Autorización do Consello Escolar.
- ☐ Acreditación do nivel de competencia lingüística do nivel B2 no MCERL para o profesorado que imparta a/s materia/s materia/s non lingüística/s do currículo mixto.
- ☐ Compromiso asinado do profesorado participante de formar parte do programa por un mínimo de dous anos.
- ☐ Acta de reunión coa conformidade dos departamentos didácticos que van impartir as materias específicas do currículo mixto.
- ☐ Informe da Inspección Educativa.

_____, _____ de _____ de 2017

O /A persoa directora

(Selo do centro)



ANEXO III

DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN PROGRAMA *BACHIBAC*

Don/Dona _____ comprométese a
formar parte do proxecto por un período de, polo menos, dous anos.

Don/Dona _____ comprométese a
formar parte do proxecto por un período de, polo menos, dous anos.

_____, _____ de _____ de 2017

Asdo.:

Asdo.:

Don / Dona

Don / Dona

Seño do centro

ANEXO II

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**RELACIÓN DE ALUMNADO INSCRITO NO PROGRAMA BACHIBAC
CURSO 2017/2018**

CENTRO

LOCALIDADE

[illegible]

